

## Unha negociación inicial

Con 4,4 millóns de turistas no ano 2024, Escocia é unha referencia para o turismo británico e europeo. Tamén é un destino que sempre interesou moito os galegos, aínda que non é tan frecuente atopalos polas rúas de Edimburgo como polas de Dublín. Este libro vai dirixido a quen xa visitou este norte do noso norte, quen está a planificar unha próxima viaxe e mesmo a esa gran maioría que considera visitar o país pero sabe no fondo que nunca o fará.

Se *Ata que os mares sequen* pode servir para algo é para o máis fermoso dunha viaxe: acompañar e arroupar o sentimento de como, a medida que nos enchoupamos dun lugar, este nos vai transformando. Algunhas viaxes son coma os namoramentos: pouco a pouco a fascinación pola outra persoa provoca que nós atendamos a realidades novas e mesmo nos comportemos de xeito distinto. E non ten por que haber niso nada de negativo.

As mellores viaxes son aquelas nas que ficas *encantado*, como cando consegues contactar coa moura que vive no gran penedo. Un deses encantamentos consiste en que podes vivir mentalmente en dous lugares ao mesmo tempo. Na miña vida suxeita aos horarios e calendarios da xornada laboral e académica eses periplos continúan meses despois de facelos, porque volvo deles cargado de interrogantes que tento resolver con libros na mesía de noite, con horas diante do ordenador, con cartografías, algún novo boletín na túa caixa de correo electrónico, lugares e voces dos que estar pendentos. A min, por exemplo, acompañanme podcasts como *The Scottish Folklore podcast*, a deliciosa emisión da contadora Jenny Johnstone na que se dá conta das abundantes e ricas lendas do país. E tamén, claro, con novos condimentos botados á comida, pratos divertidos cunha historia que contar aos amigos, descubrimentos de whiskies e cervexas. Ese novo lugar que se incorpora á túa vida é o encantamento. E *Ata que os mares sequen* é un libro

de encantamento, porque non só narra viaxes por vilas e campos escoceses, senón sobre todo o camiño intelectual posterior que desencadearon estas excursións. Por iso con frecuencia sairemos da estrada, entraremos na biblioteca e emprenderemos exploracións laterais, para logo volver aos húmidos campos caledonios.

E isto é así porque toda viaxe é unha negociación: en primeiro lugar co que che agrada e te incomoda de ti mesmo, do mundo e dos compañeiros de itinerario. Pero, non menos importante, co que cada un de nós ten de colectivo. A distancia e a perspectiva que ganamos nas viaxes son poderosas ferramentas para comprender claves desa identidade común que nos dá forma desde o noso círculo social, a cultura á que accedemos e o territorio e a paisaxe na que vivimos; ese imaxinario que é un pouco memoria, un pouco historia, un moito de presente, que nos marca con ducias de pequenos traumas e que nos condiciona nas decisións que tomamos, nas portas que nos abren, no respecto con que nos tratan. Nas viaxes que eu teño feito, desde as fronteiras da vella Gallaecia ata sociedades construídas desde coordenadas ben diferentes das nosas, sempre volvíñ con algo do país de destino, pero tamén con moito do meu propio país.

*Ata que os mares sequen* está pensado para ler antes das guías ou despois delas, como un aperitivo ou sobremesa dunha viaxe escocesa, ou tamén como prato único para aqueles que prefiren imaxinar desde o fogar. É unha tentativa por afacer Escocia dentro de min pero tamén dentro de nós, da idea colectiva de Galicia, ese soño que nos liga entre nós, que dá sentido ao noso pasado e o noso futuro, que nos conecta cos mortos e nos fai pensar alén do cotián.

Porque outorgar aos lugares que visitamos un sentido é sentir eses lugares dentro dun. E os lugares séntense cando lles construímos unha personalidade que dialoga connosco e nos conta unha historia na que prendemos como nunha silveira. Unha vez levamos os nosos pais a Roma e visitamos o Coliseo. Cando entramos no interior, os dous exclamaron á xunta: «Pois isto xa quedou visto». Nunca lles oíramos tal. Decatámonos de que aquel monumento, polo que nunca manifestaran un especial interese, parecía representar neles algo moi íntimo sobre o paso do tempo e os fitos da vida, e expresáranos co sinxelo adverbio *xa*. Ese *xa* nunca podería figurar nas numerosas guías ou documentais sobre o Coliseo, porque expresa o sentido persoal da viaxe. O Coliseo conver-

térase nun lintel simbólico do paso do tempo para os meus pais e, ao tempo, dos seus logros persoais como fillos de mariñeiros e labregos do Barbanza. Scota, a vella nai do noso clan compartido, tamén exerceu no seu momento de mensaxeira dos tránsitos da vida para min.

Galicia e Escocia son personaxes contraditorias, poliédricas e reticentes a seren apreixadas nunha presada de páxinas. Coma sempre que temos personaxes, deberemos contar tramas de amor e de amizade, de esquecemento, de encontros ou desencontros. O meu xeito de facelo foi botando man do concepto de *ecotopía*, que poderíamos definir como a experiencia do asombro ao recoñecer resonancias do familiar nun lugar alleo. Dito doutro xeito, a indagación do próximo no que en aparencia é distante. Iso que nos sucede con frecuencia aos habitantes dos países atlánticos cando visitamos as outras nacións oceánicas: recoñecemos lugares nos que nunca estivemos, anticipamos como rematan historias endexamais oídas pero que nos resultan familiares, comprendemos os resortes dunha paisaxe descoñecida e intuímos onde atopar o camiño cara ao castro ou á aldea antes de velos. Nestes países, a nosa cabeza pasa todo o tempo comparando, chimpando do coñecido en Galicia ao descoñecido nestoutra beira do Atlántico, porque todo é moi similar e á vez non é *exactamente* igual. Iso é a ecotopía. Moitos temos mil anécdotas sobre esta abraiante sensación vivida na Bretaña continental, en Gales, en Irlanda ou en Escocia. O meu propósito é transformar ese caótico *déjà-vu* da memoria nunha ferramenta literaria para ver que hai por debaixo desa percepción das realidades paralelas, aproveitando a potencia crítica do xénero ensaístico para explorar as nosas identidades.

As ecotopías galego-escocesas deixaron numerosas trazas na literatura de viaxes. Lembremos, por exemplo, a Jane Leck (1884): «o país arredor de Vigo garda un gran parecido coas Terras Altas do oeste de Escocia, polos seus outeiros cubertos de piñeiros que descenden ata o mar, o verdor fresco das súas lombas herbosas, e a súa abundancia de xesta dourada». Annette Meakin no seu libro *Galicia, the Switzerland of Spain* (1909)<sup>1</sup> bota man continuamente delas: «os longos cornos dos bois levaban ás veces os meus pensamentos ata as Terras Altas de Escocia», ou: «podiamos ver a ría internarse cara ao interior da terra para xuntarse co Tambre,

---

1 Publicado en galego co título *Galicia, a Suíza de España* (Rinoceronte, 2023), traducido ao galego por Alberto Álvarez Lugrís.

do mesmo xeito que as augas do Ártico descendem para encher os *lochs* que separan a illa de Skye da costa oeste de Escocia». Outro exemplo de Aubrey Bell (1922)<sup>2</sup>: «na historicamente famosa Ponte Sampaio comeza a ría de Vigo, con pequenas illas e vales de montañas peladas que lembran a Escocia». Ou, de xeito moi fermoso, o que conta a norteamericana Geraldine Ford (1920) sobre as festas do 25 de xullo en Compostela: «Houbo un poema premiado e un recoñecemento público, moitos versos e discursos en galego, e xunto cos xigantes e o seu tamboril e frauta, sobre todo estaba a gaita galega. A miña case esquecida ascendencia escocesa espertou e axitouse nas miñas veas, e cos nenos seguín o gaiteiro».

As ecotopías escocesas xa me levaron a escribir libriños coma *O sangue das pantasma*s (Festival Atlántica, 2020), no que procuraba e atopaba en Galicia as pantasma domésticas propias do folclore das mansións caledonias, e canda elas as suxestivas verdades que os espectros contan sobre nós. Non reparei en que xa escribira ese libriño inspirado en Escocia ata que tiña moi avanzado o manuscrito deste, e interpretei ese esquecemento como unha consecuencia da normalidade coa que a cultura e historia escocesas conviven no meu mundo galego.

Decidín sacrificar unha narración máis persoal das viaxes escocesas en beneficio doutra máis prospectiva que me permitise indagar en temas pouco coñecidos. En moitos casos deixei que fosen outras voces ou outros tempos os que engadisen cor e ritmo á narración. Non vas ler demasiadas aventuras en primeira persoa no espazo, aínda que si no tempo.

Tampouco quero convidarte a unha festa na que non coñeces a ningúen e acabes arrecunchado nunha esquina, así que escollín falar de lugares que son accesibles para quen destine unha semana ou dez días a visitar Escocia e de temáticas das que temos coñecemento a través do cine e da literatura. Pode que lle resulte insuficiente a un lector escocés ou a un esixente galaico caledoniófilo, pero a miña intención como escritor é iniciar unha conversa como manda a boa educación: buscando sempre o que tes de común co outro.

O texto non está construído desde a inercia tan propia da academia contemporánea de fragmentar o coñecemento en compartimentos estancos como a socioloxía, a economía ou a arqueoloxía. Máis ben é unha

---

2 *Galicia vista por un inglés* (Rinoceronte, 2021), traducido ao galego por Xosé María Gómez Clemente.

exploración de temas que me interesan de sempre, como a relación entre memoria, lenda e Historia, o poder e os seus símbolos, a conectividade das culturas, as vías mortas do pasado ou o xeito no que o usamos no presente. Ás veces os episodios abordarán abraiantes conexións históricas, outros falarán de realidades paralelas e nalgúns casos diverxentes. O libro conta con numerosas fontes, pero decidín manter o ritmo como unha conversa, evitando dotar o ensaio dun aparato complexo de referencias bibliográficas. As voces que se inclúen no texto incorpóranse como citas dunha reportaxe, e só nalgúns casos nos que o considerei preciso estendín a referencia bibliográfica nunha nota a rodapé que facilite a súa consulta. As traducións, agás que se exprese en caso contrario, son da miña autoría.

Quen busque neste libro o vello xeito de escribir celtadas como actos de confirmación de fe poderase sentir frustrado. Non me interesa o exercicio de dedicar o libro a comparar topónimos, lendas e crenzas e ficarmos aí coma se fóssemos folcloristas do século XIX. Este modo de proceder un tanto taxidermista funciona hoxe en día como bálsamo de ansiedades identitarias de consumo interno, e cada vez estou menos interesado nesa farmacopea. As vías de conexión entre Galicia e Escocia van moito máis alá do paradigma tradicionalmente considerado «celta», e atópanse tamén nos avatares da Historia política e económica europea e mundial. Os dous países, pola súa posición periférica en relación aos poderes dominantes e polo escenario atlántico compartido, participaron de tendencias compartidas e xogaron nelas papeis paralelos. Esa dimensión histórica é tanto ou máis relevante que a nosa mítica ascendencia común de Scota e Mil. Creo que debemos dar un paso máis alá do convencional cara a unha exploración madura das nosas identidades, nun diálogo de ti a ti na Europa do século XXI. Este libro é unha proposta de enfiar novas narracións comúns sen renegar, por suposto, de toda a narrativa cultural céltica construída en séculos pasados. Eu non preciso andar matando país para me definir.

Así que estes son os termos desta negociación lectora. Un convite a unha aventura cultural atlántica na procura dun destino escocés que foi vivido a través dos libros, da música ou do cine e que, para a nosa sorpresa, ten máis en común connosco do que agardabamos. Quen non querría entrar no Outro Mundo pola misteriosa porta megalítica de Maes Howe? Quen pode non sentirse reclamado por un misterioso lugar chamado Rubha an Dùnain?